

GALICIA LITERARIA Percorrido polo mundo dun autor teatral

Luigi Pirandello

ou a realidade do irreal

María do Carme Kruckenberg



Luigi Pirandello. A dereita, Greta Garbo, intérprete de Pirandello no cine

PARA falar de Pirandello, quizais sexa moi importante situar o lugar do seu nacemento, o entorno familiar, a súa nenez, as viaxes de estudio e os primeiros traballos poéticos. Deste xeito poder centrar a crave da súa vida, e a longuísima obra que fixo como artista da linguaxe durante a súa existencia.

Luigi Pirandello naceu en Agrigento o 28 de xuño de 1867, dunha familia da burguesía meridional ben acomodada. A súa nenez foi coma a dos rapaces da súa época, aínda que os seus biógrafos din que xa os doce anos, como divertimento xogaba a facer teatro cos amigos, escribindo el mesmo os dramas a representar; deses tempos coñeceuse un dos primeiros traballos titulado «Bárbaro».

Fai os estudos iniciais en Agrigento, e máis tarde en Palermo, onde trasládase a familia o principio dos anos 1882, completando o bachelerato fino a súa entrada na Universidade. Agrigento era moi diferente naquelas datas, de Palermo, onde existía unha vida cultural infinitamente máis rica, sobre todo para un espírito inqueda coma o seu. Este ambiente de coñecemento o leva a escribir en 1883 «La campanetta», publicada nun diario de Turín. Vaise a Roma no 1887 pra començar a carreira de Filosofía. Na capital estaba de moda o universalmente coñecido poeta Carducci quen de algun xeito influíu na poesía de Pirandello, a admiración por el foi inmensa

► Quería facer algo diferente dos seus coetáneos rompendo a liña que levaba D'Annunzio

na primeira época romana. De quen se començaba a falar entusiasticamente era de D'Annunzio como un novo astro no horizonte das letras. Dous anos despois decide a publicar o primeiro libro de versos, «Mal giocondo» (Palermo, 1889). Os primeiros versos foron escritos na súa terra, na súa illa, rematando o libro en Roma. Un volume onde se pode apreciar xa a súa capacidade de expresión e sobre todo de experimentación, que foi moito máis tarde o componente da totalidade da súa obra. Quería facer algo orixinal, diferente dos seus coetáneos, rompendo a liña que levaba D'Annunzio marcada polo romanticismo. El rompe os esquemas preconcebidos da burguesía imperante e satiriza a moral e a inercia do mundo literario que está na cresta da onda. Nun dos seus poemas dí: «Eu non sei que animais son/

os que viven...» ou: «...Pero eu teño desexo/ de coñecer...»

Pensa que o mundo ignora a razón da existencia, e denuncia a estirpe humana coma unha lacra anquilosada no seu egoísmo.

De Roma viaxa a Bonn (Alemania) por consello de Ernesto Monaci, pra doutorarse en Filoloxía co profesor Foerster. Entregada a súa tese, queda un ano máis a Universidade alemana coma lector do idioma agrigentino. Daquela escribe bastantes artigos versados nos problemas lingüísticos e idiomáticos da súa terra natal. Gracias o medio onde se desenvolve estes anos, madura a súa sensibilidade estilística e o induce a remodelarse cos frescos ritmos dos poetas provençais. Por riba de todo observa como o mundo do pensamento entra na era moderna e comenza a meditar como a gracia da metáfora (usada xa por unha boa cantidade de poetas alemánes), inicia un novo camiño que ten que procurar na súa propia poesía.

Volta a Roma en 1892, e Luigi Campana o introduce no mundo literario onde comenzan periódicamente os seus artigos en diarios e revistas culturais. O materialismo imperante provoca nel un rechazo que o fai preguntarse se o home é unha enorme máquina que o traga todo, e pregunta a súa conciencia que «para que se vive...? Necesita romper as vellas normas que fan dese home unha marioneta, e donde o home perde a súa propia estima... Neste complexo estado de ánimo, despois de dous anos, xa establecido e dando clases, comenza o seu segundo libro. O descubrimento do Norde e os seus amores con Janny Schulz-Lan-

der o predispoñen o traballo e a o inicio da prosa como medio de expresión máis completo para relatar as súas observacións e as súas tristuras.

Dous anos despois do seu retorno casa con Antonietta Portulano que coñece dende sempre, xa que os pais son socios nunha empresa de zufre. Do matrimonio nacen tres fillos: Stefano, Lietta e Fausto. O pouco tempo as familias de ámbolos dous perden todo o diñeiro, e Pirandello vese na obriga de traballar como profesor de estilística e despois de literatura italiana no Instituto Superior de Maxisterio de Roma. A muller perde a razón probablemente cos tristes acontecementos, e nunca xa recuperará o sentido. Neste ambiente de tolemia, Luigi Pirandello, ten que vivir e escribir sen un respiro, neste submundo de irrealidade e de sombras tráxicas. Creando os

► Ese horror onde ten que subsistir e sobrevivir o marcan como escritor e como home

personaxes atormentados e desgraciados que pululan polo mundo, ironizandoos dunha maneira doída, donde os propios problemas irrumpen permanentemente nel. Ese horror onde ten que subsistir e sobrevivir, ese engranaxe de miserias na súa existencia o marcan como escritor e como home. Así é como van facendo os persoeiros dos seus atormentados soños, facendo esos espléndi-

dos traballos de creación personnalísima. Eso é, a figura do intelectual que emerxe cheo de fascinación e con un fin craro e determinado. Revela por primeira vez na súa época as vergoñas sociais psicolóxicas do seu entorno; deixando as veces espídeos e desenmascarados os homes da nova sociedade: os burgueses. A produción ten os mecanismos da vangarda e con efectos de tipo case que brechtianos, (Roman Luperini, no seu libro segundo do «novecento» italiano o comenta). E posible que soberan un de outro, pero o que si é certo é que Pirandello racha tódalas regras do teatro romántico para insertar nunha nova era, acorde coa modernidade.

Revela nos seus dramas un ambiente que transforma a loita desesperada, por sobrevivir nas creaturas perfectamente grotescas e independentes, a súa vontade. Unha intimidade sobreposta respondendo os seus intereses de inspiración humanística.

A extensión da obra pirandelliana é difícil de avaliar, así, nun artigo biográfico do autor. Xa que escribiu o longo de toda a súa vida sen interrupción. Comenza con tres libros de poesía. Tres ensaios: un sobre a lingua da súa nenez, outro o arte e a ciencia e o derradeiro sobre o humorismo. Oito novelas, das cales eu reseñaría: «a Esclusa», que foi a primeira: «O defunto Mattia Pascal» e «Un ningún e cenmil». Co Mattia Pascal comenza a fama de novelista. Pero o que o levou ao recoñecemento mundial foi o seu teatro. Coarenta e cinco obras que recorreron os teatros máis prestixiosos de Europa e América, co a Compañía de Marta

Abba, que foi a que representou estes dramas. Na Historia da Literatura Italiana do século XX, pódese leer, que os seus intereses non eran soamente un capricho literario, senón que nascían sobre todo de un interese e de unha existencia de probar a resistencia que ofrecía o expectador en un fortísimo número de expresións científicas e técnicas pra conmovelo, pra facelo pensar e sentir no fondo de si mesmo, xogando coa teatralidade dos seus dramas, e a confundir o expectador coa palabra da súa linguaxe novelística e teatral. Como el mesmo decía: «Non ter conciencia de ser, coma unha pedra, coma unha pranta: non recordar sequera o propio nome... vivir por vivir, sen saber que se vive...». Esa foi a temática insistente da súa obra, ese foi Luigi Pirandello, a súa vida e o seu pensamento.

A muller morre, e unese sentimentalmente coa actriz que en certo modo o levou a fama: Marta Abba.

No 1934 recibe o Premio Nobel de Literatura e dous anos despois morre en Roma, recoñecido mundialmente. E recoñecida a súa aportación o teatro de vangarda. Teatro que pode ser que aínda hoxe non fora superado; en xenialidade, en profundidade, en intelixencia é en ironía finísima. Das obras de teatro que marcaron fondamente na memoria do espectador podense recordar: «Così è (se vi pare)» de 1917, (donde deu o primeiro paso o «naturalismo»). «Sei personaggi in cerca d'autore», 1921; «Enrique IV» de 1922, (quizais a obra máis importante que escribiu o autor,

► A extensión da obra pirandelliana é difícil de avaliar nun artigo biográfico do autor

e «a vita que ti diedi», 1923. Una gran repercusión tivo así mesmo «Come tu mi vuoi», 1930; «Como ti me desexas» a interpretou a xenial e desaparecida Greta Garbo no cine.

A última obra rematada foi «Non se sa come», é «Il gigante della montagna» que deixou sen finalizar, e que o parecer o fixo o seu fillo Stefano cos apuntes que deixara o seu pai.

Pirandello deixou unha obra impresionante por ese misterio que impera no seu contexto e pola búsqueda incesante da verdade de un mesmo, que é a única verdade. Na historia da literatura universal quedará como o gran precursor da modernidade. E como un extraordinario creador de conciencia.